Boletín xuño 2020 nº 14
IES Universidade Laboral



Un curso diferente, especial, inesquecible.

Actividades di Laboral

Contra a homofobia e a transfobia

#17MAIO_LABORALPRIDE

PRIDE

#17 MAIO_ LABORALPRIDE

#17MAIO_LABORALPRIDE
IT'S ALL
ABOUT
LOVE

Be Proud
LOVE

A Laboral, un
centro diverso e
de cores





Home á auga!!

O alumnado do 2º curso de ciclo medio de Navegación e Pesca do Litoral fai as súas prácticas de supervivencia dentro do módulo de seguiridade marítima.







LUME!!!

O alumnado de 2º de Navegación e Pesca de litoral fai prácticas de extición de lume.

Diseccións no laboratorio...



Ansiedade?

A ansiedade é un trastorno cada vez máis frecuente, especialmente nos anos da adolescencia. Quen máis quen menos, calquera de nós tivo sentido algunha vez nervios, dor de estómago ou bloqueo ante una situación descoñecida ou ante unha proba, por exemplo; pero ás veces esas sensacións dispáranse, xérannos moito malestar e prexudican ao noso rendemento.

Por que ocorre isto? Que é ansiedade e por que a sentimos? Como nos afecta? E, moi importante, ¿que podemos facer cando se dispara para que non nos faga dano?

As psicólogas Cristina Barreiro e Tania Rojo, especialistas en psicoloxía da saúde con moita experiencia de traballo con adolescentes, intentaron responder a algunhas destas cuestións e facilitarnos estratexias para tratar a ansiedade, especialmente ante os exames, que son unha das situacións que frecuentemente xeran angustia.

Celebráronse dúas sesións, de case dúas horas cada unha, os días 30 de Xaneiro e 18 de Febreiro, separadas entre si para que cada quen puidese practicar algunha das técnicas aprendidas e reforzalas na segunda sesión do Obradoiro. A maioría do alumnado participante era de 1º de Bacharelato, con algunha representación de FPB.

De acordo coas enquisas de satisfacción, o que máis gustou ás persoas que participaron no obradoiro foi descubrir que sentir ansiedade é algo "*normal*" que lle ocorre a máis persoas coma min, compartir con elas as nosas experiencias, e aprender técnicas e "trucos" para xestionar a ansiedade.

CHARLA

27 MARZO 2020

Metodología de trabajo del R.C. Celta en categoría infantil

Modificaciones reglas del juego para

Gonzalo Goyanes exalumno de nuestro centro nos visita para impartir dos charlas formativas.

Goyanes, exárbitro, actualmente trabaja como entrenador del infantil del R.C. Celta de Vigo

Impartió dos charlas al alumnado de los tres cursos de fútbol.

La primera de ellas centrada en los aspectos metodológicos y técnicos a tener en cuenta para entrenar en la categoría infantil. La segunda explicó la interpretación de los principales cambios producidos en el reglamento para la temporada actual

1

CESIÓN

El "despeje fallido" no será sancionado con tiro libre indirecto.

2

SAQUE DE PUERTA

El balón no necesitará salir del área para estar en juego. Solo con moverlo bastará.

3

ENTRENADORES

Se volverán a mostrar tarjetas tanto amarillas como rojas a los técnicos.

Rondos
Medio de entrenamiento muy utilizado con mucha frecuencia en los entrenamientos.

Valores
Importancia de valores como la puntualidad y respecto.

SICO
Programa que utilizan para desarrollar los aspectos técnico-coordinativos y situaciones de 1*1



Organicación del microciclo en relación a parámetros físicos y tácticos del West Ham United.

Félix Cao

Lcdo. En Ciencias de la Actividad Física y del Deporte

Preparador físico y readaptador del West Ham United

El viernes 6, tuvimos la suerte de contar con Félix Cao, preparador físico que en las últimas temporadas trabajo a las ordenes de un entrenador TOP como es el chileno Manuel Pellegrini.

Félix nos ilustro entre otras cosas de los diferentes tipos de organización del microciclo, impactando sobre todo la tendencia que existe en Inglaterra en dónde algunos equipos descansan los miércoles.

Mostró diferentes tareas en video sobre tipos de calentamiento, trabajos de fuerza y desarrollos tácticos en campo como situaciones de asimétricas en superioridad (2 contra 1, 3 contra 2 y 4 contra 3) en transición.



La valoración atro-muscular del movimiento como modelo de prevención. Movilidad, estabilidad y fuerza.

Ignacio González Zas

Lcdo. En Ciencias de la Actividad Física y del Deporte

Colegiado 9751

El pasado 18 de febrero el alumnado de los ciclos de Fútbol, Animación Deportiva y Acondicionamiento físico pudieron disfrutar de la charla de uno de los mejores especialista a nivel nacional en trabajo Artro-muscular. Está charla forma parte del proyecto del centro Agenda 2030, concretamente para desarrollar el objetivo 3, hábitos saludables, más concretamente hábitos higiénico-postuarales.

En relación a los pasos a seguir para la prevención de lesiones recomendó seguir la siguiente progresión a la hora de prescribir ejercicio físico:

ODS, arte e reivindicacións

Pensamos que calquera circunstancia, incluso a máis negativa, pode servir para traballar contidos e valores. Á hora de defender a nosa singularidade, reivindicando a permanencia de todas as ensinanzas que se imparten no centro, consideramos que era unha boa ocasión para combinar arte e os obxectivos da Axenda 2030.



Alicia no País das Marabillas (Lewis Carroll 1865)

"A imaxinación é a única arma na guerra contra a realidade"

A nosa realidade: a Xunta pretende desmantelar a Laboral.
As nosas armas: a imaxinación inspirada na nosa fantástica biblioteca.
Tamén vocación e moitísimo traballo. Sen deixar a ninguén atrás, porque
#bacefpsuman

#ods #ods3 #ods4 #ods5 #ods10
#alaboralnonsetoca #culleredoprecisa3centrosdebac #oruralnalaboral



#ods
#ods3
#ods4
#ods12
#ods 16

O Pensador (Auguste Rodin 1880)

Só quen se coñece a si mesmo
pode coñecer a realidade.
Só os que coñecemos a Laboral
entendemos o que se perde.

IES UNIVERSIDADE LABORAL
55 ANOS
FOMENTANDO
O PENSAMENTO CRÍTICO

#bacefpsuman #alaboralnonsetoca #culleredoprecisa3centrosdebac

As Mariscadoras (Luis Seoane 1969)

O Mar e a Educación Física (ensinanzas con tradición no IES Universidade Laboral), a muller, as condicións de traballo e a saúde laboral, representados por alumnado de Acondicionamento Físico e Prevención de Riscos Profesionais. Aprendizaxe interdisciplinar. Gústanos traballar así, porque
#bacefpsuman
#ods #ods3 #ods4 #ods5 #ods8 #ods14
#alaboralnonsetoca #culleredoprecisa3centrosdebac

Lección de Anatomía do Doutor Nicolaes Tulp (Rembrandt 1632)

A solemnidade da aprendizaxe
no Clube de Ciencias do IES Universidade Laboral .

NON QUEREMOS PERDELO!

#bacefpsuman #alaboralnonsetoca
#culleredoprecisa3centrosdebac #oruralnalaboral

Oferta formativa na Laboral

Máis formación...

A empresa **Vaillant** impartiu un curso de formación en equipos de xeración de calor máis eficientes destinado a profesores, alumnos e instaladores nas instalacións da Universidade Laboral.

Morremos coas botas postas...

Despois de berrar todos xuntos “Oh!, Laboral, mi Laboral!”, de amarrarnos con cordas cantando “Da Laboral non nos moverán” e de emular “Os fusimamentos do dous de maio” de Francisco de Goya seguimos a pé de guerra manifestándonos e facendo sentadas diante do noso centro, da nosa Laboral. Non serviu de nada, mais fixémonos oír, berramos que non estabamos de acordo coa decisión, que na Laboral, FP máis BAC suman. Pasou o curso e o Covid-19 deixounos mudos, pero queremos lembrar que aquí, no noso centro, na Laboral, unha recua de rapaces estudaron Bacharelato e a moitos deles non os deixaron escoller, botáronos.



A Laboral é solidaria

Na Laboral puxéronse a funcionar as impresoras 3D e fabricáronse máscaras de protección facial e protectores para mascarillas que foron doados ao persoal sanitario dos centros de saúde de Acea de Ama en Culleredo e de Matogrande na Coruña.

As nosas saídas

DE visita a Sogama

O alumnado de 1° de Bacharelato de Cultura Científica e Bioloxía xunto cos de 2° C visitaron as instalacións de SOGAMA (Sociedade Galega de Medio Ambiente). O programa da visita constaba dunha pequena presentación, unha exposición de contidos no salón de actos e finalmente da visita guiada polas instalacións. Nesta última os guías explicaron as normas de seguridade, entregáronlle os elementos de protección individual e fixeron o percorrido polas instalacións, nas cales o alumnos e alumnas puideron ver como se xestionan os diferentes residuos domésticos.

Os laboratorios abertos da Domus

Os Laboratorios Abertos son un espazo de experimentación da DOMUS onde o científico é o propio alumnado. Este curso, o alumnado de ciencias da Universidade Laboral visitou a Domus para realizar dous dos seus obradoiros:

1º.- Como se desarrollan os fármacos?: participou o alumnado de Bioloxía e de Cultura Científica de 1º de Bacharelato. Neste obrdoiro tiveron a oportunidade de ver e experimentar como se elaboran os fármacos, en concreto estiveron preparando o L-Dopa un fármaco contra o parkinson.

2º.- "A revolución Biotecnolóxica": obradoiro pensado para o alumnado de 1º e 2º de Bacharelato de Ciencias. Colaboraron na busca dunha diana para o tratamento da aterosclerose, realizando unha transformación bacteriana.

Los alumnos de 2º de los ciclos medios de Instalación de Comunicaciones y Mantenimiento fueron de visita a las instalaciones y **Museo de Estrella Galicia** como actividad complementaria de Empresa e Iniciativa Emprendedora para conocer la historia y el funcionamiento de una de las empresas más relevantes del tejido empresarial gallego.

A lo largo de la visita conocieron detalles y curiosidades de su proceso de elaboración, materia prima, fermentación, embotellado, evolución de las estrategias de publicidad y marketing.



Fomos á tele!

O alumnado que cursa Empresa e Iniciativa Emprendedora de 2° curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas visitou a CRTVG en Santiago.

Siniestro Total!!

Na materia de Imaxe e Son de 2º de Bacharelato estamos desenvolvendo un proxecto de radio. Temos o obxectivo de facer o noso propio programa que se emitirá dende Radio Culleredo.

Para tomar apuntes de como se fai a boa radio, fomos de excursión a Santiago, para ver como traballa o equipo de Carne Cruda. Asistimos á gravación dunha entrevista-concerto do grupo de rock Siniestro Total, que tivo lugar o pasado trinta de xaneiro no Salón Teatro. Os nosos tímpanos gozaron na verza coas afiadas guitarras dos ST, e tamén coa chispa e desenfado con que responderon ás preguntas do *Señor Crudo*.

Que comece a función!

Os alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato asistiron a unha representación teatral en francés no Forum Metropolitano, La cena de los idiotas, e viron nun colexio da cidade de Ferrol a obra de teatro clásico Don Juan Tenorio.

La cena de los idiotas

Don Juan Tenorio

Crime en Miami

O alumnado de FP Dual de seccións bilingües e ciclos plurilingües asistiron á representación da obra de teatro Crime en Miami.

CICLO DE ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA (ENANISODEP), 2º CURSO

3º BINGO MOTÓRICO NO CENTRO DE DÍA DE MONDEGO (SADA) PARA A 3ª IDADE

O mércores 19 de febreiro, dentro *os alumnos e alumnas de 2º do ciclo de Animación Sociodeportiva (ENANISODEP)* fomos realizar unha actividade de animación para os residentes do Centro de Día para a 3ª idade de Mondego, en Sada. Esta consistiu nun **BINGO MOTÓRICO**, no cal á dinámica do bingo normal, engadímoslle que cada número levaba asociado un xogo que facían todos aqueles que o tiveran no seu cartón.

Fabricamos nós mesmos todo o bingo: o bombo cunha lámpada redonda que forramos e manipulamos, as bolas con pelotas de tenis de mesa que fomos numerando, os cartóns… e ensaiamos o xogo na clase entre nós. A preparación foi moi laboriosa e necesitamos grandes doses de motivación, porque tratábase dun sector de poboación co que non estamos habituados a traballar.

Sen embargo, a experiencia resultou moi positiva; os residentes desfrutaron moitísimo da tarde de xogos e nós tamén o pasamos moi ben con eles.

Ademais de ser moi interesante de cara á nosa formación, foi una experiencia moi gratificante.

<u>Recollemos aquí comentarios feitos polos propios alumnos e alumnas na súa valoración da actividade:</u>

- *"Me pareció increíble como puede animarlos tanto unos juegos y la compañía".*

- *"Antes de realizar el evento del Bingo Motórico tenía las expectativas bastante bajas. Esto venía dado por las sensaciones que tuvimos cuando los fuimos a ver unas semanas antes del evento. Nos había resultado un sitio muy apagado en cuanto al ambiente y nos quitaba las ganas de animar, jugar, saltar, bailar...*

Pero aún así practicamos los juegos y el resto de la preparación del evento con todas las ganas que pudimos para que todo saliera bien.

Una vez allí todo cambió, la sensación fue de bienestar y de

haber hecho las cosas bien. Fue maravilloso ver como por un día o incluso unas horas se olvidaron de sus problemas y se lo pasaron bien con nuestra ayuda. Cambió totalmente la forma en que pensábamos que iba a salir todo. Todos participaron, se rieron y era todo lo contrario a como pensábamos el primer día que iba a ser. ¡Una experiencia enriquecedora y repetible, que te hace valorar un montón de cosas!"

- *"Esta actividade serviume para darme conta de como é a vida das persoas maiores nun centro de día, e que cousas que parecen tan insignificantes como ir a pasar a mañá con eles facendo uns xogos poida ter un efecto tan positivo neles".*

- *"Al terminar me di cuenta de que en realidad la actividad como tal había pasado a un segundo plano, que en realidad lo que habíamos hecho la mayoría era actuar como personas, no como monitores; escuchando, atendiendo y haciendo compañía a todas esas personas".*

A biblioteca

Banda deseñada e redes lectoras…

O noso Club de Lectura tivo unhas convidadas de luxo, que mellor que contar con Anabel Cardiel e Sira González, bibliotecarias das Bibliotecas Municipais da Coruña, para compartir as nosas impresións. Elas que levan anos coordinando Clubs e facendo recomendacións lectoras axudáronnos a interpretar a lectura da obra *El azul es un color cálido*, de Julie Maroh. Sira falounos da banda deseñada como soporte para transmitir emocións e historias. Aprender a ler banda deseñada ten un só truco: ler moito e diverso. Sobre a mesa puxeron moitas propostas lectoras, Sira e Anabel faláronnos dunhas e outras, sen descanso. Esta foi unha sesión na que aprendemos todas e todos. A maxia das redes lectoras tecidas na cidade é marabillosa. As bibliotecarias marcharon contentas de ter compartido cas novas xeracións os seus gustos lectores e nós felices de acollelas na nosa casa. A lectura e a biblioteca coma acubillo.

Soul e literatura

A DESCUBERTA DA MÚSICA NEGRA



Día máxico na biblioteca coa visita de Black Galicia que permitiu ao noso alumnado gozar con grandes clásicos do soul e da música negra. Pero existe realmente unha música negra?
Os intérpretes fixeron un paseo entre varias obras literarias nas que a música ten protagonismo e trouxeron á biblioteca esas cancións recén nomeadas. Un recorrido marabilloso por grandes clásicos (Aretha Franklin, Billie Holliday, Ray Charles ou Amy Winehouse).

No noso club de lectura...

Aforo completo no noso Club para comentar *Infamia*. Todos tiñan ganas de falar da lectura e das sensacións tan intensas xeradas pola obra de Ledicia Costas. Algúns recoñeceron que tiveron que deixar por momentos a lectura pola súa dureza, pero que ao mesmo tempo, sentíanse atrapados polo que alí se narraba.

Encontro con Ledicia Costas



Visitou a nosa biblioteca unha das autoras máis lidas en lingua galega, Ledicia Costas. A invitación xurdiu a través do noso Club de Lectura, cuxa última proposta lectora foi Infamia, a primeira novela para adultos da autora. O alumnado de Bacharelato e os membros do Club tiveron ocasión de coñecer que inspirou a autora para escribir esta obra, cales foron as dificultades que atopou para non caer no morbo ao escribir sobre temas tan delicados e onde está Merlo, a vila escenario da novela, que resultou ser Beade. Houbo tempo para falar de literatura, de música, de curiosas visitas a cemiterios.Grazas por compartir tantas cousas con nós!

O noso voluntariado...

O alumnado que participa no programa do voluntariado está a desenvolver unha serie de accións para difundir a Axenda 2030 entre a nosa comunidade educativa. Primeiro recibiron una pequena fromación para se familiarizar con estes contidos e logo se puxeron mans á obra. Como primeiras actividades elaboraron un vídeo no que se destacan algúns dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e tiraron fotografías con lámpadas nas que aparecían refectidos cada un dos obxectivos. A biblioteca con estes voluntarios resulta ser un viveiro de cidadáns comprometidos e responsables.

Libros confinados...

Este ano tocou celebrar na casa o Día do Libro así que o 23 de abril o profesorado e o persoal do centro homenaxeou esta conmemoración desde as súas fiestras e balcóns compartindo as súas lecturas confinadas. Ademais os alumnos tamén fixeron a súa homenaxe particular tratando de integrarse más que nunca cun libro, formando parte da súa portada ou da súa historia.

Letras galegas

A nosa comunidade educativa participou na campaña das Bibliotecas Municipais de A Coruña #DesconfinarALingua. Así, o 17 de maio tapamos a boca con máscaras diversas da creación en galego xustamente para desconfinar a lingua, para abrir, cara nós e cara os demais, a xanela grande de todo o que ofrece o idioma galego.

O estrambótico Principiño

Xosé Neira Vilas
MEMORIAS DUN NENO LABREGO

DICCIONARIO DOS SERES MÍTICOS GALEGOS
diccionario dos seres MÍTICOS GALEGOS
Xoán R. Cuba
Antonio Reigosa
Xosé Miranda


CURIOSIDADE
ESTIBALIZ ESPINOSA


CASTELAO
SEMPRE EN GALIZA

Scórpio


marcial suárez
O ACOMODADOR
E OUTRAS NARRACIÓS


Nubes de evolución
Andrea Macías

RETICÊNCIAS...
(1986 - 1989)
RICARDO CARVALHO CALERO

I Concurso de microrrelatos

O alumnado do voluntariado da biblioteca seguiu a traballar tamén na corentena propoñéndonos un Concurso de Microrrelatos. Este foi destinado tanto a profesores, persoal non docente e familiares coma ao alumnado do centro, en distintas categorías. A temática do concurso debía estar relacionada cun obxectivo da Axenda 2030. Os propios alumnos propuxeron as bases e exerceron de xurado decidindo así os gañadores e finalistas das distintas categorías.

O premio para o gañador foi un curso de surf ou pádel surf para dúas persoas que poderán gozar este verán. O gañador na categoría de profesores, familiares e persoal non docente foi Javier Bescansa polo seu relato "Érase una vez un mundo que podía ser mejor" e na categoría de alumnos o gañador foi Xesús Patiño de 1º de Bacharelato polo seu relato "Un día menos". Parabéns aos dous!!

7 ARTE. MÚSICA. DEPORTES.
ESPECTÁCULOS

AULA TRABALLO COLABORATIVO

7 ARTE. MÚSICA. DEPORTES.
ESPECTÁCULOS

Premios e proxectos

Proxecto de innovación... en marcha!

Xa se comezaron a dar os primeiros pasos no noso centro no desenvolvemento do proxecto de innovación 53RV1C10 5.0. O proxecto 53RV1C10 5.0 - da Industria 4.0 ao Servizo 5.0, coordinado polo IES Universidade Laboral e que conta coa participación do IES Monte Neme (Carballo), CIFP Don Bosco LHII (Guipúscoa) e a empresa TECDESOFT, S.A, foi un dos proxectos seleccionados na convocatoria de premios a proxectos á innovación na Formación Profesional convocados polo Ministerio de Educación y Formación Profesional, e que obtivo a maior puntuación no baremo de dita convocatoria.

O obxectivo primario do proxecto 53RV1C10 5.0 é a incorporación de Cobots (collaborative robots) ao sector servizos para que axude aos traballadores e traballadoras da hostalería na realización das operacións monótonas, mecánicas e impersoais que se realizan no seu traballo. Preténdese ofrecer un novo e mellor servizo ás persoas coa creación dun novo concepto. O Servizo 5.0.

Estímase que a venta de Cobots medrará de maneira importante os vindeiros anos e que o seu custe rebaixarase notablemente. Esta é a razón principal desde o IES Universidade Laboral esteámonos a anticipar á aparición masiva de Cobots e xa esteamos a formar ao alumnado na implantación e mantemento dos robots colaborativos.

Un dos primeiros pasos do proxecto é escoller, dos distintos fabricantes e modelos de Cobots existentes no mercado, aquel que mellor se adapta ás necesidades de noso proxecto. Para mostrar as características de cada un deles, achegáronse ao centro no primeiro trimestre distribuidores dos fabricantes Universal Robots e Doosan para mostrar ao profesorado e alumnado do CS Mecatrónica Industrial as características e prestacións dos seus respectivos Cobots.

Está prevista no mes de setembro e unha vez escollido o modelo de Cobot a utilizar no proxecto, unha xuntanza entre a empresa e os centros participantes para empezar a traballar na parte técnica do proxecto co deseño, programación e fabricación dun dispensador automático de bebidas a granel personalizables a petición do cliente (cantidade, temperatura...).

Debido á crise provocada polo COVID-19, estudarase tamén as distintas posibilidades de aplicación dos Cobots para mellorar a seguridade sanitaria á hora de ofrecer o servizo ao cliente no ámbito hostaleiro, tanto desde o punto de vista do persoal do servizo como do cliente. Neste senso, pensamos que os Cobots poden ser un aliado perfecto á hora de mellorar a seguridade sanitaria no sector servizos.

O noso centro foi seleccionado para participar no programa de emprendemento Miniempresas con dous proxectos: ZAMPAPLASTIC (de 2º FP Básica de Fabricación e Montaxe), miniempresa dedicada á fabricación dun sistema de limpeza acuático para recoller plásticos dos ecosistemas mariños, e MOBITOTAL (de 1º de Ciclo Superior de Mecatrónica), miniempresa que fabricará un sistema de transporte eléctrico destinado a mellorar a nosa mobilidade.

O noso instituto vén de gañar a VI edición dos **Premios Concepción Arenal** organizados pola Diputación da Coruña. O obxectivo deste certame era diseñar e executar proxectos educativos que procurasen o desenrolo de habilidades para a idenfiticación e o rexeitamento de estereotipos sexistas que contribúen a xerar e manter a violencia de xénero así como a construcción de esquemas alternativos que axuden a comprender e respectar a igualdade de oportunidades reais entre sexos. O noso proxecto que leva por título "Camiñando cara a igualdade: xuntos debuxaremos portas violetas" tivo unha dotación económica de 5.000 euros e o xurado valorou "o traballo continuado durante todo o curso, a participación e a coordinación do alumnado e doutros axentes externos e o enfoque transversal de xénero e igualdade". O acto de entrega tivo lugar no propio edificio da Diputación e foi entregado pola diputada de Igualdade María Mariño quen subliñou a importancia destas actuacións desde os centros educativos para construír un futuro sen dicriminación.

Máis proxectos de investigación premiados...

O proxecto **SMARTspringwater Fonte de auga intelixente** consiste en deseñar, fabricar e montar fontes de auga no centro para encher recipientes non desbotables cun sistema de recollida de auga sobrante. A auga sobrante recollerase nun recipiente cun sensor de nivel para cando estea cheo emita unha sinal para o seu baleirado e corte o subministro de auga. A auga sobrante será empleada polo persoal de limpeza polo que non se desperdiciará nada. Desta forma preténdese aportar o noso gran de area aos obxectivos ODS3, ODS6, ODS9, ODS11 e ODS14 co fin de contribuír, finalmente, á Axenda 2030. Este proxecto será coordinado polo IES Universidade Laboral e conta coa participación da empresa EMALCSA.

O proxecto **CE2RAP (Climatiación eficiente con enerxías renovábeis de axuda persoal)** parte dun contexto no que a actual situación de demanda crecente enerxética conleva, primeiro, un aumento do precio da enerxía nas súas diferentes formas, e segundo, un progresivo agotamento das chamadas "fontes tradicionais", é dicir, as non renovabéis. Por outra banda, o contexto actual, máis alá de cartos, esixe un compromiso de sustantibilidade que garanta o futuro das novas xeracións. Ditas razóns inciden pois en que a mellora constante na eficiencia nas instalacións é imprescindible, e repercute, de xeito positivo, tanto no aforro económico como na mellora medioambiental. Os avances teconolóxicos son quen de promover a autonomía persoal naquelas persoas que presenta algún tipo de diversidade funcional. Determinadas accións, axeitadamente desenvoltas, poden acadar melloras en persoas en situación de vulnerabilidade. Este proxecto pretende abordar, de xeito transversal, a resposta para climatizar espazos, e producir ACS, deseñando instalacións que poidan ser empregadas autonomamente por persoas que presenten algún tipo de diversidade funcional.



FELIZ

VERÁN